

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se crea e regula o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 361/1998, do 4 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (Cixtec)

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 27/2006, do 16 de febreiro, polo que se suspende a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Tui e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada AC-550 no treito de concentración de accidentes situado entre o punto quilométrico 98+900 e o punto quilométrico 99+800, no municipio de Porto do Son

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello de Avogacía Galega, para o funcionamento do Servizo de Orientación Xurídica, polo importe de cento oitenta mil euros (180.000,00 €)
- Acordo polo que se aproba o Plan de Actuación da Unidade Policía Adscrita (UPA) con motivo do Xacobeo 2010

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co concello de Fisterra, para a execución da obra: “estación de bombeo e impulsión de augas residuais de Sardiñeiro e conexión á rede de saneamento de Fisterra. Concello de Fisterra (A Coruña)”, clave oh.315.954, polo importe de novecentos sesenta mil catrocentos setenta e oito euros con dez céntimos (960.478,10 €)
- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación puntual do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o parque empresarial de Verín (Ourense); o proxecto sectorial do parque empresarial de Verín (Ourense) e o proxecto de obras públicas do parque empresarial de Verín (Ourense)

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto denominado “L.A.T. 220 kV Subestación Serra das Penas – Subestación Chantada” como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico denominado *Ampliación de Sil Fase II* como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Bande, feita a título gratuito polo Concello de Bande (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Valga (Pontevedra), feita a título gratuito polo Concello de Valga (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Perillo, feita a título gratuito polo Concello de Oleiros (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza subscribir un convenio de colaboración entre a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e o Consorcio da Cidade de Santiago, para a realización de actividades culturais durante o Xacobeo 2010
- Acordo polo que se autoriza subscribir un convenio de colaboración entre a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e o Concello de Valga (Pontevedra), para a construción dun albergue de peregrinos no Concello de Valga

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa *Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA)*, para a execución de determinadas actividades de recuperación, conservación e fomento de razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción, da ovella galega, da cabra galega e da galiña de Mos, por un importe total de un millón de euros (1.000.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co *Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE)*, para a execución "ex situ" de determinadas actividades definidas no programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, para as razas "porco celta" e "ovella galega", por un importe total de douscentos oitenta mil euros (280.000,00 €)

---

## CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba a iniciación dos trámites para o establecemento dun plan de ordenación dos cultivos mariños na zona marítima

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre as medidas adoptadas e a situación actual en relación coa suspensión de pagamentos dos fondos FEDER e a presuspensión de pagamentos dos fondos FSE do Programa Operativo Integrado (P.O.I.) Galicia 2000-2006.

---

## A XUNTA CREA O OBSERVATORIO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA PARA AVALIAR A INCORPORACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SOCIEDADE GALEGA E O DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- *O novo organismo resulta da integración do Observatorio Galego da Sociedade da Información e o Observatorio da Calidade e da eAdministración co obxectivo de conseguir maior coherencia, uniformidade e eficiencia nas súas funcións asesoras*
- *O observatorio adscribese á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e terá representantes doutros departamentos autonómicos, así como da Administración do Estado, das universidades e da FEGAMP*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea e regula o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia como órgano encargado de avaliar a incorporación das novas tecnoloxías á sociedade e o desenvolvemento da Administración electrónica. Esta nova entidade é o resultado da integración do Observatorio Galego da Sociedade da Información co Observatorio da Calidade e da eAdministración de Galicia, que atendían ámbitos cada vez máis próximos, facendo necesaria unha actuación máis eficiente que evitase a superposición de ambas as actuacións.

Ademais, búscase acadar unha maior coherencia e uniformidade no eido da observación da sociedade da información e a modernización das administracións públicas de Galicia mediante a integración das funcións deses dous organismos nun único observatorio.

Coa integración das funcións de ambos os observatorios, a Xunta actúa de acordo co principio da eficacia e baixo os criterios de máxima eficiencia, austeridade e economía organizativa.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) nace así como un órgano asesor para avaliar a evolución da sociedade da información e a modernización das administracións públicas de Galicia, así como para participar e colaborar coas ditas administracións públicas neses materias, ademais de contribuír á promoción e extensión das novas tecnoloxías en Galicia. A creación deste observatorio enmárcase dentro do Plan de Acción para o Desenvolvemento da Sociedade da Información no ano 2010, que identifica as liñas de actuación prioritarias que acometerá a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica neste ano.

---

O OSIMGA funcionará tamén como un sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecemento relacionados coa sociedade da información e a modernización de Galicia.

### **Funcións do OSIMGA**

Para darlle cumprimento aos seus fins, o novo observatorio terá como principios funcións as seguintes:

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer cunha visión global o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que afecten a extensión da sociedade da información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades.
- Elaborar e presentar publicamente informes que reflictan o estado de situación ou a evolución prevista .
- Facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de sociedade da información e modernización da Administración.

### **Adscrición e estrutura do OSIMGA**

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia adscríbese á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que asume a súa

---

coordinación funcional e, como órgano asesor, estrutúrase nun pleno e en grupos de traballo técnico.

No pleno, ademais da Secretaría Xeral de Modernización están representados outros departamentos Administración autonómica, como son as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de Economía e Industria, e de Facenda, ou o Instituto Galego de Estatística. Ademais, forman parte do pleno representantes da Administración do Estado, da universidade, da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), así como personalidades de recoñecido prestixio en materia da sociedade da información e da modernización administrativa.

### **Observacións planificadas**

Entre as actividades planificadas para o ano 2010 cabe salientar que o OSIMGA realizará as enquisas á poboación e ás empresas sobre a sociedade da información en Galicia, un estudo específico para o sector empresarial das TIC; elaborará o mapa da Administración electrónica nos concellos de Galicia e a enquisa sobre a eAdministración na Xunta de Galicia. Así mesmo, elaboraranse estudos sobre o estado de implantación do software libre, así como análises da evolución da penetración da banda larga en Galicia. Tamén cabe destacar as observacións temáticas en relación á demanda de formación TIC.

## O CIXTEC E A SECRETARÍA XERAL DE MODERNIZACIÓN HARMONIZARÁN AS DIRECTRICES TECNOLÓXICAS DA XUNTA DE GALICIA

- *O Consello de Dirección do CIXTEC incorpora un representante da Secretaría Xeral de Modernización para levar á práctica esta coordinación entre todos os departamentos*
- *O Consello da Xunta aprobou a modificación do estatuto do CIXTEC para adaptalo á nova estrutura orgánica da Administración galega*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a incorporación ao Consello de Dirección do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (CIXTEC), dependente da Consellería de Facenda, dun representante da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, órgano integrado na Presidencia da Xunta.

A razón desta decisión é harmonizar a colaboración directa entre o ente público encargado do apoio informático aos servizos da Consellería de Facenda e a Secretaría Xeral de Modernización con competencias transversais e xenéricas en materia de tecnoloxías da información.

Con este novo marco normativo será a Consellería de Facenda, en coordinación coa Secretaría Xeral de Modernización, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, as que aprobarán os plans de actuación do CIXTEC. Ademais, deste xeito, este ente levará a cabo as súas actuacións de acordo coas políticas e directrices tecnolóxicas da Xunta de Galicia.

Esta incorporación faise no marco da aprobación do decreto polo que se modifican os estatutos do CIXTEC co fin de adaptar os órganos colexiados das entidades que integran a Administración institucional da Comunidade Autónoma á nova distribución de competencias establecida pola Xunta de Galicia.

Ata o de agora o Consello de Dirección do CIXTEC estaba integrado polos membros que se detallan a continuación: a conselleira de Facenda; a secretaria Xeral e do Patrimonio; o director xeral de Tributos; o director xeral de Orzamentos, o director do Instituto Galego de Estatística; a interventora da Comunidade Autónoma e o director xeral do CIXTEC.



## MEDIO AMBIENTE APROBA UNHA MODIFICACIÓN DA ORDENACIÓN URBANÍSTICA PROVISIONAL EN TUI, PARA ALOXAR UN EQUIPAMENTO SANITARIO NO CONCELLO

- *Este cambio na regulación urbanística resulta coherente coa estratexia, as directrices e os obxectivos xerais do Plan Xeral de Ordenación Municipal*
- *Cómpre sinalar que esta ordenación urbanística se manterá vixente ata a entrada en vigor do novo planeamento*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou a modificación do proxecto de decreto polo que se suspende a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Tui e se aproba a ordenación urbanística provisional, coa finalidade de ampliar o catálogo de usos a que se pode destinar unha parcela situada no número 4 da rúa Alcalde Casal Aboy do concello de Tui, para incorporar o uso sanitario.

Así se recolle no proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 27/2006, do 16 de febreiro polo que se suspende a vixencia do plan xeral de Tui.

A ordenación urbanística provisional ten carácter cautelar, co finalidade de atallar consecuencias indesexables que se derivarían da aplicación do Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente en outubro de 1994, e garantir a viabilidade da futura ordenación urbanística definitiva.

Por outro lado, este cambio na regulación dos usos permitidos en Tui non compromete a futura ordenación urbanística e resulta coherente coa estratexia, as directrices e os obxectivos xerais do Plan Xeral de Ordenación Municipal, actualmente en elaboración polo Concello de Tui. Tamén se recoñece que as modificacións están fundamentadas en razóns de interese público debidamente xustificadas; son conformes coa Lei 9/200, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; son perfectamente compatibles coa finalidade da suspensión do planeamento urbanístico municipal e manteñen fielmente os criterios de ordenación urbanística provisional.

Asemade, con esta modificación dáse cumprimento á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en que se omite o recoñecemento da correspondente situación xurídica urbanística vinculada á existencia de solo urbano consolidado.

En definitiva, con esta decisión determínase que a figura da suspensión do plan ten carácter transitorio e cautelar, por tanto vixente ata a probación do novo plan, e trata de evitar a xeración de situacións que resulten indesexables e incompatibles coa nova ordenación fixada no plan que se elabore.

### **Tramitación previa**

A tramitación previa para acadar a aprobación desta modificación puntual e provisional foi a seguinte: o pleno ca corporación de Tui acordou solicitar -en setembro de 2009- á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a realización dos trámites pertinentes para a modificación da ordenación provisional, limitándose esta a ampliar o catálogo de usos a que se pode destinar unha parcela situada no número 4 da rúa Alcalde Casal Aboy do concello de Tui, para incorporar o uso sanitario.

Despois, a Consellería elaborou un proxecto de modificación parcial do decreto 27/2006 que é o que se somete á consideración da comisión celebrado a mediados de decembro do pasado ano, na cal acordaron informar favorablemente sobre este proxecto.

### **PXOM de Tui**

O planeamento vixente do Concello de Tui ten data de aprobación de outubro de 1994. O concello volveu a remitir o PXOM para aprobación definitiva en agosto de 2008, pero na actualidade – e dende outubro de 2008- está paralizado o prazo de resolución, pendente de emenda documental por parte do Concello. Este municipio debe revisar –a instancia dun informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural- a delimitación dos Camiños de Santiago respecto ás restricións dos usos e actividades nas zonas de protección.

## A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA LEVAR A CABO UN PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA CEE-RIBEIRA (AC-550), NO TERMO DE PORTO DO SON

- *Esta actuación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas actuará sobre o treito comprendido entre o punto 98+900 e o 99+800*
- *O obxectivo desta actuación, cuxo importe ascende a preto dun millón de euros, é eliminar un treito de concentración de accidentes*

O Consello da Xunta na súa reunión esta mañá aprobou o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón á urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada Cee-Ribeira (AC-550) no treito de concentración de accidentes situado entre os puntos quilométricos 98+900 e o 99+800, no termo municipal do Porto do Son.

O obxectivo deste proxecto é a realización de obras de construción de beirarrúas e aparcadoiros, mellora e reordenación de interseccións e rehabilitación de superficie do firme coa finalidade de mellora de seguridade na estrada AC-550, nun treito próximo ao un quilómetro de lonxitude.

Cómpre sinalar que esta actuación se realiza baixo a declaración de urxencia, porque o motivo da súa materialización é eliminar un treito de concentración de accidentes, evitando riscos innecesarios para os veciños do Porto do Son que circulan por esta vía para accederen ás súas vivendas e algúns servizos públicos.


De xeito paralelo, a Xunta de Galicia traballa na licitación dunha asistencia técnica para iniciar o proceso de expropiación. A previsión é iniciar a elaboración de actas no terceiro trimestre de 2010 e o inicio de obras no ano 2011.

### **O proxecto**

A mellora de seguridade viaria na estrada AC-550 no treito comprendido entre os pk 98+900 e 99+800 consiste esencialmente no acondicionamento da travesía de poboación e a mellora de interseccións para eliminar o treito de concentración de accidentes neste punto da estrada da rede primaria básica da Xunta de Galicia. O orzamento reservado polo departamento que dirixe Agustín Hernández ascende a máis de 921.000 euros.

A lonxitude do treito en que se vai a actuar é de 900 metros e ao seu remate esta zona terá unha sección tipo de máis de 10 metros, xa que constará de dous carrís de 3,30 metros cada un, dúas beiravías de 0,50 metros cada unha e dúas beirarrúas de 2 metros cada unidade. Para a materialización destas obras será necesario escavar máis de 2.000 metros cúbicos de terra e empregar 1.500 toneladas de mestura bituminosa en quente. Tamén se executarán os traballos de restauración paisaxística, de drenaxe lonxitudinal e transversal e de sinalización e balizamento.

Os preto de 10.000 veciños de Porto do Son veranse afectados por estas obras durante seis meses, mentres que a poboación servida ao remate da actuación será de 37.385 habitantes de Porto do Son e Ribeira.



## APROBADO O DECRETO DE DEPENDENCIA QUE REDUCE A TRAMITACIÓN DE DEZAOITO A SEIS MESES E REGULA PROCEDIMENTOS DE EMERXENCIA

- *A norma introduce mecanismos que permitirán reducir os prazos para o acceso aos servizos e ás prestacións por parte dos usuarios*
- *Regúlase o recoñecemento daqueles solicitantes falecidos ao longo do proceso*
- *Establécese a orde de prioridade, non por data de entrada, senón en función da gravidade e grao de dependencia máis elevado*
- *Impulsarase e priorizarase a prestación de servizos, tal e como recolle a lei*
- *Todos os cambios buscan optimizar os recursos, mellorar a calidade e axilizar todo o proceso de tramitación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o procedemento das prestacións e servizos recollidos na Lei de dependencia e que permitirá reducir os prazos globais de tramitación de dezaioito a seis meses, evitando a excesiva burocratización e dar unha mellor resposta ás persoas dependentes.

Para acadar este obxectivo ábrese a posibilidade da utilización de medios telemáticos, informáticos e electrónicos, sempre co obxectivo da mellora continua. Así mesmo, e con este mesmo fin, outórgase un papel fundamental aos concellos, na condición de Administración máis próxima ao cidadán, de onde preferentemente partirán as distintas solicitudes de valoración.

Neste sentido, destaca o feito de que xa no momento do inicio do procedemento, se pedirá toda a documentación necesaria, na liña de facilitar a súa resolución coa maior axilidade posible, sen ter que reclamar a intervención do interesado máis que nos puntos que sexan estritamente necesarios.

Isto significa que, desde o inicio do proceso, o expediente deberá ter incluído o informe social coa valoración do recurso idóneo feita polo/a traballador/a social concello en que resida a persoa solicitante, ou de ser o caso do/a traballador social do sistema de saúde ou dos servizos especializados, xunto coa consulta ao interesado sobre a súa preferencia de cara á intervención.

A norma aprobada hoxe introduce outro elemento de especial interese e moi demandando polas asociacións sociais: a regulación dun procedemento de casos de emerxencia, polo que se establece o procedemento a seguir en situacións de desamparo, malos tratos ou importante deteriora física ou psíquica, permitindo atender de xeito case inmediato os supostos de extrema gravidade.

---

Outra das novidades é o cambio na orde de prelación dos expedientes, non por rigorosa orde de entrada, senón priorizando a atención primeiramente aos solicitantes cun grao de dependencia máis elevado tal e como recolle a propia norma estatal.

Regúlase o recoñecemento do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos, sempre que se acrediten os requisitos establecidos, de xeito que se poida probar, a través da documentación existente no expediente, o grao e nivel do usuario/a e que sexa posible certificar a existencia dun gasto soportado.

Coa inclusión deste punto, Galicia é das primeiras comunidades en recoñecer o dereito aos falecidos, unha demanda tamén reiterada polo Valedor do Pobo.

Polo que atinxe á prestación dos servizos, as modalidades de intervención encamiñanse á prestación de servizos, establecendo paulatinamente como recurso subsidiario e excepcional a prestación económica.

Neste punto créase o programa de asignación de recursos nos supostos de que non sexa posible o acceso a un servizo público. Así, o decreto recolle que a efectividade do acceso ao servizo deberá de producirse nun prazo non superior a 3 meses desde a resolución do PIA. Se, transcorrido este tempo, non é posible o acceso ao servizo, o beneficiario poderá solicitar unha modificación do seu PIA para obter unha prestación económica (libranza de servizos).

Por último, o documento inclúe un réxime transitorio do programa do cheque asistencial. Deste xeito posibilitase a integración dos actuais beneficiarios deste programa no sistema de atención á dependencia, fomentándose ademais a libranza por servizo, modalidade equivalente ao cheque, recollida na Lei de dependencia, pero que foi pouco desenvolvida ata o de agora.

O obxectivo do Goberno galego con estes cambios é optimizar recursos e axilizar o proceso para procurar unha pronta resposta á cidadanía. Co obxecto de contar coa participación dos colectivos directamente afectados, tivéronse en conta as súas alegacións a través do trámite de audiencia correspondente.

## A XUNTA ACHEGA 180.000 EUROS AO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA O MANTEMENTO DO SISTEMA DE ORIENTACIÓN XURÍDICA GRATUÍTA

- *Este servizo consiste na prestación de asesoramento gratuíto previo ao proceso para as persoas que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello da Avogacía Galega para o mantemento do Servizo de Orientación Xurídica (SOX) nos sete colexios de avogados de Galicia. En total, o departamento que dirixe Alfonso Rueda alcanzará 180.000 euros para o desenvolvemento do convenio.

Con esta sinatura, a Consellería de Presidencia desexa contribuír á boa marcha do Servizo de Orientación Xurídica, que consiste na prestación de asesoramento gratuíto previo ao proceso para as persoas que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses dentro da Lei de asistencia xurídica gratuíta e do decreto que a regula en Galicia. Deste xeito, quérese igualar a todos os cidadáns nun asesoramento xurídico previo de calidade sen discriminación por razóns do seu patrimonio.

Para asegurar que as dúas partes asinantes leven a bo fin as actividades previstas, crearase unha comisión mixta de seguimento integrada polo director xeral de Xustiza e o subdirector xeral de Relacións e Recursos Humanos da Administración de Xustiza, por parte da Xunta de Galicia; e polo presidente do Consello da Avogacía Galega e unha persoa designada polos colexios de avogados, da outra banda.

## A POLICIA AUTONOMICA REFORZARÁ AS PATRULLAS POLOS DIFERENTES CAMIÑOS A SANTIAGO CON MOTIVO DO XACOBEO 2010

- *O Consello aprobou hoxe o plan de actuación da Unidade de Policía Adscrita a Galicia para garantir as máis altas cotas de seguridade durante o Ano Santo*
- *As actuacións da Policía Autónoma iran dirixidas a potenciar a seguridade e a protección nos desprazamentos dos peregrinos, actos institucionais, culturais, sociais e deportivos e nas visitas de autoridades*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o plan de actuación da Policía Autónoma con motivo do Xacobeo 2010, que ten como obxectivo conseguir as máis altas cotas de seguridade que garantan a celebración pacífica e ordenada do Ano Santo Compostelán, así como da liberdade e seguridade de residentes e visitantes, xa que a celebración do Ano Xubilar Compostelán suporá para toda a Comunidade Autónoma de Galicia a visita de millóns de persoas.

Para tal fin as actuacións e os recursos da Unidade dirixiranse a potenciar a seguridade e a protección nos seguintes ámbitos: desprazamentos dos peregrinos; actos institucionais, culturais, sociais e deportivos; visitas de autoridades; actuacións delictivas; e garantir unha resposta adecuada, rápida e coordinada cos demais operadores institucionais ante calquera emerxencia.

O plan establece tres grandes fases, sendo o punto álxido os meses de xullo, agosto, setembro e decembro, en que se potenciará a patrullaxe do Camiño, establecéndose con carácter permanente nas principais rutas e aumentando a presenza policial nas restantes.

Xa dende este mes ata o comezo da Semana Santa se iniciará o recoñecemento das rutas principais, con especial atención aos camiños Francés e Portugués, patrullas que percorreren periodicamente os itinerarios. Entre Semana Santa e xuño, así como en outubro e novembro, incrementaranse os percorridos e as patrullas, despregándose nos meses de verán e en decembro a totalidade do operativo.

A coordinación do plan a nivel interno efectuarase a través da Sala de Coordinación da Unidade da Policía Autónoma en Santiago, na sede de Santiago, con servizo ininterrompido durante as vinte e catro horas onde se centralizarán todas as comunicacións e incidencias que se produzan. A Sala estará coordinada coa Central de Emerxencias da Xunta de Galicia, teléfono 112, atendendo aos requirimentos que pola súa natureza sexan de competencia policial.



En canto á cooperación externa, establecerase a oportuna coordinación co resto de forzas e corpos de seguridade: Corpo Nacional de Policía, Garda Civil e Policía Local, segundo as súas áreas de actuación, participando nos órganos conxuntos que se formen, de forma puntual ou permanente, atendendo ao desenvolvemento das distintas fases.

### **Aloxamentos e albergues**

Outra das liñas do plan é a elaboración, implantación e validación dun sistema de seguridade integral en grandes áreas de aloxamento relacionadas coa Xunta e os Camiños de Santiago. Para iso, seguiranse diferentes tipos de actuacións baseadas en identificar a situación, configuración de grandes centros de aloxamento; identificar os operadores institucionais, e a súa participación e funcións respectivas; fixar os obxectivos que requiran un dispositivo específico e aqueles que forman parte dun dispositivo complementario e elaborar os dispositivos operativos.

As actuacións en materia de seguridade nos aloxamentos e albergues irán encamiñadas a dar unha resposta eficaz para impedir a comisión de feitos delictivos ou que poidan alterar a seguridade cidadá no centros de aloxamento de peregrinos durante a súa estadía. Será cometido específico das patrullas prestar atención aos albergues da ruta asignada, en particular nas épocas de maior ocupación, solicitando información das persoas encargadas deles, atendendo e tramitando as denuncias que lles sexan formuladas, se foren da súa competencia, ou ben orientando o requirente cara ao organismo competente. Resáltase que o albergue do Monte do Gozo, en Santiago, cunha capacidade para 2.768 prazas, terá un tratamento singularizado no que á cobertura de seguridade se refire.

### **Seguridade cidadá**

En canto á seguridade cidadá, o obxectivo é establecer un sistema de seguridade destinado a evitar ou reducir os efectos negativos producidos pola comisión de feitos delictivos ou determinadas infraccións administrativas.

Respecto ás autoridades, o obxectivo consiste en elaborar, implantar e xestionar o sistema de seguridade das personalidades que asistirán ao Xacobeo invitadas pola Xunta, así como das súas instalacións, polo que haberá un procedemento de coordinación entre os corpos, cunha visión integral do dispositivo centralizado no 112.

As competencias de cada corpo quedarían definidas da seguinte maneira: o Corpo Nacional de Policía encargarse da custodia das autoridades nacionais e internacionais, e a Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade de Galicia encargarse das autoridades que lle son propias, ademais do resto de autoridades autonómicas e de calquera outro dignatario que se considere oportuno.

---

Nos actos culturais, o obxectivo principal pasa pola determinación das medidas de seguridade tendentes a garantir o desenvolvemento pacífico e ordenado dos actos deportivos e culturais do Xacobeo 2010 en que se convoquen un elevado número de persoas. A Policía Autónoma colaborará cos operadores que teñan asumida a competencia en materia de seguridade cidadá, é dicir o Corpo Nacional de Policía e a Garda Civil. Participará nos actos que se desenvolvan na cidade de Santiago, en concreto nos seguintes espazos: Auditorio de Galicia, Pazo de Congressos, Edificio Multiusos do Sar, San Lázaro, Monte do Gozo, Praza do Toural, Praza da Quintana e Praza do Obradoiro. Asemade, cando as circunstancias o requiran, participarán nos actos que teñan lugar en calquera outra localidade.

## MEDIO AMBIENTE FINANCIA O 100% DAS OBRAS PARA CONSTRUCIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO E IMPULSIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO SARDIÑEIRO NO CONCELLO DE FISTERRA

- *Esta acción hidráulica está incluída no Plan de Saneamento das Rías Galegas*
- *Nesta actuación tamén se levará a cabo a conexión desta infraestrutura á rede de saneamento deste municipio coruñés*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández destina un orzamento de case un millón de euros para a materialización desta actuación hidráulica*
- *Con esta actuación, elimínase un problema ambiental xerado pola vertedura das augas residuais da parroquia de San Xoán de Sardiñeiro ao regato de San Xoán*
- *As obras permitirán que o pozo de aspiración e a cámara de válvulas teñan determinado un espazo para unha futura terceira liña*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o acordo polo que se autoriza a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co concello de Fisterra, para a execución das obras de execución da estación de bombeo do Sardiñeiro. Este proxecto hidráulico será financiado ao 100% pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que investirá un total de 960.478 euros nesta obra, e está incluída no Plan de Saneamento das Rías Galegas. O pagamento da subvención realizarase nunha anualidade correspondente a este mesmo exercicio.

Debido á escasa capacidade financeira dos concellos galegos e ao importante orzamento deste tipo de obras, a Administración hidráulica de Galicia vén financiando a maior parte delas.

Con esta actuación, elimínase un problema ambiental xerado pola vertedura das augas residuais da parroquia de San Xoán de Sardiñeiro ao regato de San Xoán.

Esta obra, que beneficiará máis de 1.000 habitantes e ten un prazo de execución de nove meses, consistirá na construción dunha estación de bombeo e impulsión á rede xeral do núcleo urbano da localidade coruñesa de Fisterra, e unha rede de colectores secundarios.

### **Características técnicas**

Os tres puntos de vertedura actuais en ambas as marxes do regato de San Xoán, que desemboca na praia, interceptaranse e levaranse a o novo bombeo con dous colectores de PVC 315 milímetros SN-8 de 51 metros de lonxitude total, un deles en dominio público marítimo terrestre (DPMA).

A estación de bombeo, construído en formigón armado, proxéctase soterrada nunha parcela cedida polo Concello de Fisterra. O bombeo, de 7,7x4 metros en planta e 7,4

---

metros de profundidade, componse dunha cámara de desbaste, un pozo de aspiración e unha cámara de válvulas.

Así mesmo, instalaranse bombas somerxibles de 30 kW. e, ao inicio da impulsión, instalarase un calderín de 2.000 litros. Cabe sinalar que o pozo de aspiración e a cámara de válvulas se deseña con espazo para unha terceira futura liña.

En relación cos colectores secundarios, estes disporanse na parte occidental da baía, co fin de completar a rede urbana e evitar as verteduras á praia e cantís próximos. Por iso, colocaranse catro colectores de PVC 250 mm con 299 metros de lonxitude, que seguen o trazado das rúas previstas no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Estas infraestruturas levan as augas ata un punto baixo, onde se instalará unha estación de bombeo compacta prefabricada, con bombas somerxibles de 2,4 kW. A impulsión é de 160 metros en tubaxe que rematará na rede de saneamento existente na estrada AC-541.

Por outra banda, en relación ao colector xeral, levará 1.525 metros de tubaxe por gravidade de PVC 315 mm que parten da impulsión do bombeo principal e discorren principalmente pola marxe esquerda, sentido Fisterra, da estrada AC-541 ata un pozo da rede actual de Mallas, pouco antes da recta da Anchoa.

Ante todas estas actuacións, sinalase que o proxecto aprobado hoxe permitirá tamén a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

---

## MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 9,3 MILLÓNS DE EUROS NA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PAZOS, EN VERÍN

- *O proxecto contempla un engadido de 152.088 metros cadrados á actual superficie da infraestrutura industrial*
- *O proceso expropiatorio levarase a cabo no primeiro semestre do presente ano e as obras licítaranse despois do verán*
- *As infraestruturas supoñen un impulso para o desenvolvemento económico das empresas da comarca de Verín*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a modificación puntual do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o parque empresarial de Pazos, en Verín. Así mesmo, tamén se procedeu á aprobación do seu proxecto sectorial e o proxecto de obras públicas deste mesmo parque empresarial. Este paso dá cumprimento ao compromiso anunciado a pasada semana polo conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, durante unha visita a este concello da provincia de Ourense.

O citado parque atópase situado xunto ao polígono industrial de Pazos, a unha distancia duns 2,5 km ao sureste do núcleo urbano de Verín. O acceso principal ao polígono realízase desde a estrada N-525, á altura da localidade de Pazos, a través dunha estrada local que remata no polígono, conformando o seu eixo viario estruturante.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá máis de 9,3 millóns de euros neste proxecto cuxo obxecto fundamental é o desprazamento de parte da superficie do leste do parque cara ao oeste, reducindo a afección ao río Támega, pertencente á Rede Natura 2000.

A aprobación definitiva da modificación puntual leva emparellada a declaración de utilidade pública e interese social da execución do proxecto sectorial así como a modificación do planeamento urbanístico municipal.

### **Ampliación de infraestruturas**

As obras de urbanización do parque engadirán 152.088 metros cadrados á actual superficie desta infraestrutura industrial, dos cales máis de 100.000 m<sup>2</sup> corresponden a superficie lucrativa.

O departamento que dirixe Agustín Hernández prevé un cronograma de actuación que contempla a tramitación do proceso expropiatorio e as actas de pagamento e ocupación e rexistro de terreos ao longo do primeiro semestre do presente ano.

---

Durante o terceiro trimestre, é dicir, despois do verán, licitaranse as obras de urbanización e daráselles inicio.

Con este proxecto, a Xunta de Galicia cumpre o seu compromiso co alcalde e os empresarios da zona, tentando impulsar os investimentos en solo industrial, elemento de que Verín carece. Neste senso, cómpre sinalar a relevancia da dita infraestrutura, xa que se sitúa preto do norte de Portugal, motivo polo que servirá para potenciar as empresas de toda a comarca de Verín e captar investimentos traspasando a fronteira.

Esta área queda encadrada do seguinte xeito: ao norte, a estrada N-525 que conecta Verín; ao leste, o río Támega e a N-532, que une Verín e a autovía das Rías Baixas; ao sur, o río Búbal e a autovía das Rías Baixas; ao oeste, termo municipal de Monterrei, concretamente o núcleo de Vilaza.

O Goberno galego considera prioritaria esta actuación, posto que o desenvolvemento económico desta comarca ourensá depende da actividade que o polígono xera. Así, Medio Ambiente está a traballar para axilizar estas infraestruturas.

---

## A XUNTA APROBA A “SUBESTACIÓN DE SERRA DAS PENAS- SUBESTACIÓN CHANTADA” COMO PROXECTO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

O Consello da Xunta ven de aprobar definitivamente o proxecto de incidencia supramunicipal denominado “L.A.T.220 kV Subestación Serra das Penas – Subestación Chantada” (Lugo) promovido por Endesa Coxeneración e Renovables, S.A.U.

Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, resolveu administrativamente a autorización do proxecto de execución do denominado “L.A.T.220 kV Subestación Serra das Penas – Subestación Chantada”, declarado de utilidade pública.

O Executivo galego aprobou definitivamente o “L.A.T.220 kV Subestación Serra das Penas – Subestación Chantada” como proxecto de incidencia municipal, por ter considerado que as devanditas infraestruturas teñen unha repercusión que excede o ámbito dos concellos onde están inscritas.

De xeito que o planeamento dos concellos de Paradela, O Saviñao e Chantada quedan vinculados ás determinacións contidas no proxecto de incidencia supramunicipal aprobado polo Consello da Xunta.

---

## A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO “AMPLIACIÓN DE SIL FASE II” DE NOGUEIRA DE RAMUÍN COMO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

O Consello da Xunta ven de aprobar definitivamente o proxecto do parque eólico denominado “Ampliación de Sil Fase II”, en Nogueira de Ramuín (Ourense), promovido por Iberdrola Enerxías Renovables Galicia, S.A., como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

O Executivo galego aprobou definitivamente a “Ampliación de Sil Fase II” como proxecto sectorial de incidencia municipal, por ter considerado que as devanditas infraestruturas teñen unha repercusión que excede o ámbito dos concellos onde están inscritas.

De xeito que o planeamento no concello de Nogueira de Ramuín queda vinculado ás determinacións contidas no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal aprobado polo Consello da Xunta.

O parque eólico “Ampliación de Sil Fase II” ten unha produción anual neta de 28.436MWH/ano, e conta con 6 aeroxeradores modelo G80/2000 KW/u, que suman unha potencia bruta total de 12 MW, equipados con turbina, multiplicador e xerador situados no alto dunha torre modular de aceiro de 67 metros de altura.



---

## OS CONCELLOS DE OLEIROS (A CORUÑA), BANDE (OURENSE) E VALGA (PONTEVEDRA) CEDEN AO SERGAS AS PARCELAS EN QUE ESTÁN OS SEUS CENTROS DE SAÚDE

O concello de Oleiros, na provincia da Coruña; o de Bande, na de Ourense; e o de Valga, na de Pontevedra, veñen de ceder, a título gratuito, ao Servizo Galego de Saúde, os inmobles onde están os seus centros de saúde.

O inmovible do centro de saúde de Perillo, en Oleiros, sito na rúa Etiopía, con máis de 2.200 metros cadrados, está inscrito no Rexistro da Propiedade da Coruña número 3, parcela 31.492, libro 418, folio 223.

O inmovible de Bande, sito na rúa Irmáns Martínez, 1, ten unha superficie de 591 metros cadrados e está inscrito no Rexistro da Propiedade, no tomo 313, libro 78, folio 97, predio número 11.558.

Pola súa banda, o inmovible do concello pontevedrés de Valga, sito en Baño-Xanza, número 52, conta cunha superficie de 3.120 metros cadrados, estando rexistrando no Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, no tomo 786, libro 100, folio 14, predio número 12.852.

### **Gastos de mantemento**

Estas cesións patrimoniais de centros de saúde de titularidade municipal ao Servizo Galego de Saúde teñen o obxecto de que o organismo que preside Pilar Farjas Abadía asume os gastos de mantemento.

Así, o Goberno galego está a realizar un importante reforzo do papel da atención primaria e das súas infraestruturas. Neste senso, tanto a Consellería de Sanidade como o Servizo Galego de Saúde teñen destacado entre os seus obxectivos estratéxicos para esta lexislatura o de potenciar a integración e a coordinación entre os niveis asistenciais de atención primaria e atención especializada, de xeito que os problemas de saúde se solucionen na estrutura máis próxima ao paciente, co menor número de visitas posibles e do xeito máis rápido e eficiente.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde asinaron un protocolo coa Federación Galega de Municipios e Provincias sobre a asunción dos custos de mantemento de centros de saúde, para o cumprimento do Pacto Local no eido sanitario.

Este proceso de asunción é, en calquera caso, voluntario para os concellos e formalízase a través dun protocolo xeral e tamén con convenios particulares que a sanidade pública asina con cada un dos concellos.

Así, os municipios que decidan formalizar o convenio particular comprométense a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial dos devanditos centros ao Servizo Galego de Saúde, libres de cargas e gravames.

---

## CULTURA E TURISMO DESTINARÁ MÁIS DE 370.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O XACOBEO 2010 EN COLABORACIÓN CO CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO

- *A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo asinará un convenio co Consorcio da Cidade de Santiago para o financiamento de diversas actividades musicais, lúdicas e de restauración no ámbito do Ano Santo 2010*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Consorcio da Cidade de Santiago para a realización de actividades culturais durante o Xacobeo 2010. A través do acordo que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2010, a contía total da achega da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ascende a 377.000 euros para a realización de forma conxunta destas actividades.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Consorcio da Cidade de Santiago consideran necesaria a colaboración para a execución conxunta destas actividades culturais debido ao carácter histórico-artístico da cidade de Santiago, depositaria dun dos legados máis importantes do mundo e referencia como elemento fundamental do primeiro Itinerario Cultural Europeo. Entre os fins e funcións destas institucións atópanse a promoción e viabilidade no termo municipal de Santiago do exercicio coordinado das competencias das administracións estatal, autonómica e municipal, pola banda do Consorcio e a promoción e realización de actividades relacionadas co Xacobeo en colaboración con outras administracións, no canto da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

De forma detallada, no eido da programación musical o Xacobeo apoiará o Festival de Músicas Contemplativas que presentará un ciclo de 15 concertos durante a Semana Santa do 2010. En concreto, a Sociedade de Xestión destinará 150.000 euros dos 380.000 euros do orzamento total do proxecto musical. Asemade, dentro do programa musical do Ano Santo 2010, o Xacobeo impulsará unha achega polo importe de 90.000 euros para o desenvolvemento do Compostela Organum Festival que contará cun orzamento total de 120.000 euros.

Doutra banda, para os espectáculos populares de fogos do apóstolo na praza do Obradoiro do 25 de xullo o Xacobeo investirá 100.000 euros nun total de 360.000. Esta partida inclúe, asemade, os espectáculos de luz e son que terán lugar os días 25 e 31 de xuño ás 23.00 horas tamén na praza do Obradoiro.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Consorcio da Cidade de Santiago contemplan outro punto de colaboración na restauración e posta en funcionamento da carraca da catedral de Santiago que emprenderán conxuntamente na primavera de 2010. O Xacobeo achegará 37.000 euros do orzamento total de 57.000 euros estimado para esta obra.

---

## A S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO FINANCIARÁ CON 660.000 EUROS A CONSTRUCCIÓN DUN ALBERGUE DE PEREGRINOS EN VALGA

- *En virtude do convenio aprobado hoxe, o Concello de Valga cederá a superficie necesaria e se encargará da licitación e execución do albergue, que pasará a ser ben patrimonial da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Concello de Valga para a construción dun albergue de peregrinos nesta localidade pontevedresa pola cal discorre o Camiño Portugués. Mediante o acordo, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo achegará ao Concello de Valga un total de 664.748 euros.

O convenio aprobado alude a un dos obxectos dos estatutos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, referido ás súas competencias no deseño, programación, coordinación e a realización e promoción de aloxamentos relacionados co Camiño e a rede de albergues. A afluencia de peregrinos fai necesaria a dotación dos servizos axeitados á disposición dos peregrinos e, en concreto, dos albergues que permitan a estes pernoitar ao final das etapas percorridas. Esta actuación ten unha relevancia especial naqueles concellos en que a iniciativa privada non cobre todas as necesidades.

En virtude do acordo autorizado hoxe, o Concello de Valga asume a obriga de ceder a superficie necesaria, dentro da parcela no lugar de Outeiro na parroquia de Setecoros, para a construción do albergue de peregrinos. Asemade, a administración local deberá encargarse da redacción do proxecto e a súa licitación para permitir a edificación do albergue a través do importe subvencionado. Na dita licitación e execución da obra, o Concello de Valga fará constar a colaboración e a imaxe de marca do Xacobeo.

O convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Valga estará en vigor ata o 31 de decembro de 2010. Unha vez rematado, o albergue pasará a ser ben patrimonial da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e integrarase na súa Rede de Albergues.

## A XUNTA E A FEDERACIÓN DE RAZAS AUTÓCTONAS COLABORARÁN NO FOMENTO DE CASTES GALEGAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

- *Ambas as partes traballarán para recuperar, conservar e fomentar as razas bovinas autóctonas galegas, a ovella e cabra galegas e a galiña de Mos*
- *O orzamento global deste convenio, cunha duración de catro anos, é de 1.000.000 euros*

O Consello da Xunta ven de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA) para a execución de determinadas actividades de recuperación, conservación e fomento de razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción –raza cachena, caldelá, frieiresa, limiá, e vianesa-, da ovella galega, da cabra galega e da galiña de Mos.

O presente convenio asínase cunha duración de catro anos, contados dende o 1 de xaneiro de 2010 ata o 30 de decembro de 2013, por un importe máximo global de 1.000.000 €, a razón de 250.000 € anuais. Esta cantidade está cofinanciada a través do *Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural* (FEADER) para os ditos investimentos.

### **Boaga**

A Federación de bovino autóctono de Galicia constituíuse no ano 2001 como unha asociación sen ánimo de lucro, con ámbito de actuación autonómico, e integrada polas asociacións de criadores de razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción. No ano 2007, a Asociación de Criadores da Raza Ovella Galega (ASOVEGA) e a Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos entraron a formar parte deste colectivo, tendo que mudar a súa denominación social por Federación de Razas Autóctonas de Galicia. En 2009, Boaga asinou un acordo de colaboración coa Asociación de Criadores de Cabalo Galego de Pura Raza (PURAGA).

### **Funcións**

Esta federación ten entre as súas obrigas a de asesoramento aos criadores na selección e mantemento da variabilidade xenética dos rabaños fundacionais e na tipificación dos seus produtos. Así mesmo, tamén traballa na divulgación das posibilidades produtivas da raza e dos valores comerciais dos seus produtos, tanto ante potenciais consumidores como ante posibles novos criadores da raza.

---

## A XUNTA E O INORDE COLABORARÁN NA RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E FOMENTO DO PORCO CELTA E A OVELLA GALEGA

- *O Consello autorizou a sinatura dun convenio entre Medio Rural e o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) para este fin*
- *A Xunta financiará estas actividades con 280 mil euros no período 2010-2013*

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para asinar un convenio de colaboración co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) para a execución de diferentes actividades relacionadas co programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zoxenéticos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, para as razas porco celta e ovella galega.

En virtude deste acordo, o Inorde comprométese a manter un rabaño fundacional da raza ovina “ovella galega” e outro da raza porcina “porco celta”, nas súas instalacións pecuarias de Armariz, no concello ourensán de Nogueira de Ramuín.

### Directrices

O Inorde aplicará na xestión reprodutiva dos rabaños as directrices de conservación emanadas do Centro de Recursos Zoxenéticos de Galicia, que depende da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural.

Medio Rural asume o compromiso de financiar as actividades propias deste convenio, que conta cun orzamento de 280 mil euros para o período 2010-2013.

### Programas

O Inorde é unha institución creada en 1987 pola Deputación de Ourense co obxecto, entre outros, de apoiar o desenvolvemento das zonas rurais. Para tal fin, mantén distintas iniciativas de apoio ao sector agropecuario ourensán e, en concreto, ten en execución programas de conservación de distintas razas: galiña de Mos, ovella galega, porco celta e vaca cachena.

## A CONSELLERÍA DO MAR POTENCIA A ACUICULTURA NA ZONA MARÍTIMA CUN NOVO PLAN DE ORDENACIÓN

- *A Xunta aproba o inicio dos trámites para a elaboración dun instrumento de planificación das instalacións acuícolas que busca acadar unha solución integral para un adecuado desenvolvemento da acuicultura na zona marítima*
- *Na elaboración do proxecto contarase coa a opinión dos sectores afectados e consultarase outros departamentos da administración autonómica e estatal*
- *Mentres non se aprobe o plan de ordenación dos cultivos na zona marítima, a Consellería do Mar propón adoptar unha serie de medidas de transición*

**Santiago, 4 de febreiro de 2010.-** O Consello da Xunta aprobou hoxe a iniciación dos trámites para o establecemento dun novo plan de ordenación dos cultivos na zona marítima. Con este instrumento de planificación a Consellería do Mar busca o desenvolvemento eficaz e sustentable da acuicultura na zona marítima mediante a delimitación e caracterización das zonas aptas para os cultivos mariños e outras actividades complementarias como o reparqueo e a reinstalación. Outro dos obxectivos deste proxecto é a determinación das especies permitidas, compatibles e prohibidas en cada unha das zonas e racionalización das concesións experimentais.

Segundo a Consellería do Mar, a posta en práctica deste mecanismo evitará que os cultivos supoñan un prexuízo para outras actividades desenvolvidas na zona marítima, que haxa interferencias negativas entre os diferentes viveiros e as especies cultivadas e entre as actividades de cultivo que se realicen na zona.

Esta proposta basease nun estudo pormenorizado dos distintos cultivos xa existentes na zona marítima e realizárase atendendo a varios factores que determinan a súa necesidade. Entre eles destacan a alta densidade das instalacións fluctuantes que hai en Galicia, a experiencia acadada nos últimos anos no relativo aos cultivos mariños e a necesidade de modernizar e adecuar a situación actual. Ademais, para este novo plan a Consellería inclúe outros parámetros de grande importancia que non contempla a anterior reordenación, dos anos 80. Un destes factores é a capacidade de carga de cada zona.

As autorizacións temporais de carácter experimental constitúen outro elemento clave para esta proposta, xa que, nos anos precedentes, permitiron á Consellería comprobar a viabilidade práctica da utilización de diferentes estruturas de cultivo, a adopción de novas técnicas de cultivo, así como a adaptación as condicións das nosas augas de novas especies diferentes ao mexillón e a ostra.

Doutra banda, coa elaboración deste plan a Consellería quere abrir ao diálogo social as posibilidades de desenvolvemento da acuicultura en mar aberto, fóra do interior



das rías, unha vez que o desenvolvemento tecnolóxico fai tecnicamente viable este tipo de cultivos.

A Consellería do Mar tamén ve necesario considerar nesta futura reordenación os factores que favorezan un cultivo idóneo das especies, como a profundidade, a calidade das augas e as correntes, entre outros. Con isto búscase reducir o tempo de cultivo e aumentar a rendibilidade das instalacións.

Dentro do plan de reordenación tamén se prevén outro tipo de actividades complementarias da acuicultura mariña tales como a eliminación das biotoxinas de orixe fitoplanctónico no mexillón mediante o establecemento das zonas de reparqueo ou a creación das denominadas zonas de reinstalación utilizadas para o traslado dos moluscos bivalvos vivos durante o tempo necesario para reducir a contaminación microbiolóxica que puideren conter co obxecto de que sexan aptos para o consumo.

#### **Fundamentos e pasos a seguir**

O proxecto fundaméntase nos artigos 148 e 149 da Constitución española. Concretamente no 148 1.11 establécese que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de pesca en augas interiores marisqueo e acuicultura. Tamén na actual lei de pesca de Galicia que no artigo 46 expón que corresponde á Xunta a aprobación e declaración de zonas de interese para os cultivos mariños, así como a ordenación das actividades da acuicultura mediante os instrumentos e medidas que regulamentariamente se determinen. Para a súa elaboración terase en conta a opinión dos sectores afectados e consultarase outros departamentos da Administración autonómica e estatal.

Nas fases iniciais do plan prevese realizar un diagnóstico actualizado dos distintos cultivos da zona marítima, co obxectivo de coñecer polo miúdo os problemas e dificultades existentes, así como os que poidan aparecer. Prevese que a realización destes estudos e dunha primeira proposta de zonas aptas para o cultivo mariño se realicen nun ano, aínda que este prazo pode modificarse en función das dificultades atopadas.

#### **Medidas de transición**

Mentres non se aprobe o plan de ordenación dos cultivos na zona marítima, a Consellería do Mar propón adoptar unha serie de medidas de transición, entre as cales cabe destacar o mantemento da vixencia das actuais autorizacións temporais de carácter experimental ata a aprobación do plan de ordenación. En canto a novas autorizacións experimentais, parálzase o seu outorgamento. Naquelas instalacións da zona marítima outorgadas en réxime de concesión, parálzase o cambio de localización e os cambios e ampliación das especies de cultivo.

---

## GALICIA RECIBIRÁ DA UE 133 MILLÓNS DE EUROS TRAS DESBLOQUEAR A INTERRUPCIÓN DE PAGAMENTOS DO PROGRAMA FEDER 2000-2006

- *O levantamento da suspensión de pagamento do FEDER veu motivada polas actuacións levadas a cabo polo Goberno da Xunta de Galicia*
- *A Comisión reconece o resultado dos traballos desenvolvidos pola Xunta de Galicia en materia de fondos europeos e o importante avance para a regularización da situación*

Galicia recibirá 133 millóns de euros tras desbloquear a interrupción de pagamentos do Programa do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) 2000-2006 e normalizar o procedemento de reembolso destes recursos. A Comisión Europea levantou a suspensión de pagamento do FEDER que recaía sobre a Comunidade galega grazas ao traballo desenvolvido polo goberno da Xunta de Galicia nesta materia e ao importante avance para a regularización da situación. Neste marco, Galicia recibirá ata 166 millóns de euros de fondos FEDER, en concepto de pagamentos correspondentes aos gastos pendentes de reembolsar de todo o Programa Operativo, dos cales 133, ata agora bloqueados, se transferirán nun prazo breve de tempo.

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, presentou hoxe, na reunión semanal do Consello da Xunta, as comunicacións da Comisión Europea en que se informa de que este organismo levanta a suspensión de pagamentos que afectaba o FEDER e decide non levar a cabo o procedemento para suspender os pagamentos do Fondo Social Europeo (FSE).

A situación con que se atopou o actual goberno ao inicio da lexislatura, tal e como xa explicou a conselleira de Facenda no Parlamento o pasado mes de maio, mostraba un alto grao de incerteza respecto da posibilidade de cobrar os importes pendentes de ingresar nun curto prazo de tempo derivada dos procedementos de control abertos pola Comisión.

No caso do FSE, as transferencias non se chegaron a ver afectadas nin atrasadas, posto que a suspensión non era aínda efectiva xa que se resolveron as deficiencias antes de chegar a facela efectiva.

Despois de que, por unha banda, a Consellería presentase un plan de actuacións encamiñado a adoptar unha serie de medidas que permitisen cumprir as exixencias da Comisión; e logo dunha minuciosa tarefa de revisión dos procedementos e da documentación presentada, así como de comprobar os resultados das actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a Dirección General de Política Regional da UE concluíu que a Xunta de Galicia aplicou axeitadamente as accións exixidas na

decisión de suspensión de pagamentos do FEDER, e a Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Igualdade de Oportunidades, pola súa vez, acordou non levar a cabo o procedemento de suspensión de pagamentos do FSE, á vista das medidas adoptadas polo Goberno galego.